



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**EXPEDIENTE: 1361/2023**

**OBXECTO: MODIFICACION ORZAMENTARIA. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2023.**

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas de control financeiro permanente establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte:

### INFORME

#### ANTECEDENTES

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Providencia de Alcaldía pola que se incoa o expediente.
- Memoria de Alcaldía xustificativa da modificación.
- Expediente número 7/2023, relativo á liquidación do orzamento do exercicio 2022.

#### LEXISLACION APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500)
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2022.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





## CONCELLO DE CHANTADA

---

**Primeiro.-** Segundo o artigo 177 do TRLRFL cando se teña que realizar algún gasto que non se poda demorar ata o exercicio seguinte e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo.

O expediente, que deberá ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán asimesmo de aplicación as normas de información, reclamación e publicidade dos orzamentos ás que se refire o artigo 169 da Lei.

O expediente deberá especificar a concretar partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ten que financiar o aumento que se propón. Dito aumento financiaráse con cargo ao remanente líquido de tesouraría, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos de outras partidas orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo respectivo.

Debe terse em conta ademáis a regulación establecida nos artigos 36 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril.

### CONCLUSIÓN

**Primeira.-** O expediente de suplemento de crédito reúne os requisitos formais establecidos para a súa tramitación.

**Segunda.-** Debe realizarse un axeitado control da execución do orzamento de gastos aos efectos aos efectos de non realizar gastos sen consignación orzamentaria. Recoméndase a expedición de documentos contables de retención do crédito antes de realizar calquera gasto.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

